



CONCELLO DE  
OLEIROS

## ***Certificado***

M<sup>a</sup> Pilar Cela Alvarez, secretaria accidental do Concello de Oleiros (A Coruña).-

### **C E R T I F I C O:**

Que na sesión ordinaria do Concello Pleno que tivo lugar o día 27 de abril de 2017, adoptouse acordo sendo a súa parte dispositiva a seguinte:

**“Punto 2.- Aprobación provisional, se procede, da modificación puntual nº 6 do PXMO de Oleiros consistente na modificación da aliñación dunha parcela sita en Rúa Doctor Fleming, 7 - Serantes**

“Por acordo do Concello Pleno en sesión de 29.09.2016, aprobouse inicialmente a MODIFICACION PUNTUAL Nº 6 DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL: MODIFICACION DA ALIÑACION NA PARCELA DE AVENIDA DR. FLEMING Nº 7, SERANTES-OLEIROS (documento nº 09620 de 29.06.2016).

Someteuse a información pública por prazo de dous meses anunciándose así no Diario Oficial de Galicia de 19.10.2016 nº 199 e publicouse no xornal “La Voz de Galicia” de 11 de outubro de 2016.

Remitiuse copia da documentación e do documento á XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO, SERVIZO DE URBANISMO (Escrito de 24.10.2016, Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, entrada 1601/RX 2780393) para dar audiencia aos municipios limítrofes e recabar os informes sectoriais autonómicos preceptivos (Instituto de estudos do territorio e outros que considere necesarios) que deben ser emitidos no prazo de tres meses. Recibiuse o 03.02.2017 informe favorable condicionado da DIRECCION XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL.

Non estando de acordo o Concello de Oleiros respecto das condicións do informe da Dirección Xeral de Patrimonio, polo equipo redactor elaborouse un INFORME XUSTIFICATIVO E PROPOSTA DE RESOLUCION DO INFORME EMITIDO O 26 DE XANEIRO DE 2017 POLA DIRECCION XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL AO DOCUMENTO DE APROBACION INICIAL DE DATA 28.03.2017 Nº 6422, solicitándose a emisión dun novo informe sen condicións que facilitara a aprobación provisional da modificación (escrito nº rexistro entrada 527/RX 806948). Finalmente o día 10.04.2017 recibese escrito nº 7588 co informe favorable **sen condicións** da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emitido o 5 de abril de 2017.

O 4.4.2017 nº 6871 recíbense os informes sectoriais e o resultado do trámite de audiencia aos Concellos limítrofes. Dos informes emitidos chama a atención o de AUGAS de GALICIA que conclúe informando favorablemente condicionado a que **“se cumpran as prescricións sinaladas neste informe”**, sen que se deduzan cales son estas prescricións a pesar da extensión do informe (6 páxinas) e ser o órgano sectorial especializado na materia, polo que se agradecería maior especificación nas conclusións do informe e menor extensión na parte expositiva.

Tamén se solicitou o 24 de agosto de 2016 nº 7641, informe á Dirección General de AVIACIÓN CIVIL. MINISTERIO DE FOMENTO. O 17 de outubro de 2016 nº 15699, recíbese informe favorable o 11 de outubro de 2016 nº 47/1049 á modificación puntual de referencia.

Por resolución de 9 de xuño de 2016 o Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental resolveu non someter a avaliación ambiental estratéxica ordinaria a “Modificación puntual nº 6 do PXOM de Oleiros”.

Transcorrido o prazo de tres meses do apartado 7 do art. 60 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, non téndose presentado alegación ningunha no prazo de exposición pública, e



**CONCELLO DE  
OLEIROS**

tendo en consideración os informes emitidos favorablemente, procede seguir coa tramitación do documento.

O arquitecto municipal emitiu informe favorable o 19.04.2017 en sentido favorable.

A coordinadora de Urbanismo emitiu informe favorable o 19.04.2017.

POR ISTO AO CONCELLO PLENO PROPONSE QUE ADOPTE O SEGUINTE ACORDO:

**Primeiro.**- Aprobar provisionalmente o documento denominado MODIFICACION PUNTUAL Nº 6 DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL: MODIFICACION DA ALIÑACION NA PARCELA DE AVENIDA DR. FLEMING Nº 7, SERANTES-OLEIROS (documento nº 09620 de 29.06.2016).

**Segundo.**- Solicitar da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a aprobación definitiva da MODIFICACION PUNTUAL Nº 6 DO PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL: MODIFICACION DA ALIÑACION NA PARCELA DE AVENIDA DR. FLEMING Nº 7, SERANTES-OLEIROS (documento nº 09620 de 29.06.2016).

**Terceiro.**- Dilixenciar o documento e remitir copia do expediente administrativo á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.”

E para que conste expido este certificado en conformidade co que dispón o artigo 204 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), de orde e co visto e prace do Sr. alcalde e coa advertencia á que fai referencia o artigo 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta; Oleiros, 2 de maio de 2017.-

Vº e Prace  
**O alcalde,**

Ángel García Seoane

